# MEMORIA 98-99

## AULA DE MEDIO AMBIENTE

## MONTE CAXADO





*A Aula de Medio Ambiente (a AMA, como é coñecida no colexio) do CPI "Monte Caxado" de As Pontes creouse durante o curso 1995-96.*

*Desde o momento da súa aparición tivo como único obxectivo a concienciación do alumnado na defensa, coidado e respecto pola Natureza.*

*Por iso, pretendeuse facer este labor paseniñamente, poñendo curso a curso os chanzos precisos para a consecución deste obxectivo; é dicir, preferimos facer poucas actividades pero que fosen quedando como definitivas para cursos posteriores. De feito, hoxe en día, podemos dicir que as actividades medioambientais forman parte da educación habitual do alumnado deste centro escolar, practicamente ó mesmo nivel que calquera outra área do currículo educativo.*

*Por iso mesmo é que as actividades desta AMA están espalladas ó longo do curso e nos diferentes niveis educativos. Non hai, pois, un grupo específico de rapaces ou rapazas adicados a esta tarefa, senón que é todo o colexio o que forma parte deste proxecto (isto é, case 400 persoas traballando arreo pola Natureza).*

*Quizais o máis salientable deste programa de actividades sexa a súa multidisciplinariedade, xa que non están reducidas a unha asignatura, ou a actividades extraescolares, senón que se realizan en distintas asignaturas (Naturais, Tecnoloxía, Plástica e Visual, Educación Física, Linguas...),enfocadas a esta Aula de Medio Ambiente.*

*En canto ó profesorado, escribirei a continuación o nome dos que se integraron neste proxecto. Sen embargo, o listado non é moi obxectivo xa que non hai un só profesor ou profesora no centro que non colabore, dalgún xeito, nesta actividade. Pero, velaí:*

*Mª Dolores Roca Vázquez*

*Marina Fresco Calvo*

*Yolanda González Díaz*

*Eladio Trabazo Meijome*

*J. Adela Calvo Calvo*

*Mª Jesús Fdez. del Viso Glez.*

*Mª Audia Mouriño Freire*

*Miguel Anxo Romero López.................................... Coordenador*



# ACTIVIDADES

*Resumir significa, as máis das veces, escoller.*

*Por esa razón, é difícil facer unha escolma das actividades que son cotiás no noso centro escolar, xa que ás veces as que non aparecen no papel son, na realidade, as máis fructíferas.*

*Aínda así, a continuación, tentaremos dar unha visión global.*



## √ CREACIÓN DUNHA FRAGA AUTÓCTONA

*Dentro das actividades programadas para a Aula de Medio Ambiente, temos unha actividade considerada por nós a "estrela" das actividades, porque quizais sexa a máis ambiciosa de cara ó futuro: a creación dunha fraga autóctona.*

*Con ese obxectivo, programamos os pasos necesarios para, paseniñamente, ir cumplindo co noso obxectivo.*

*Para iso, no primeiro trimestre do curso 97-98, diferentes grupos do alumnado adicaron parte da súa xornada escolar a recoller landras no coñecido parque pontés da Fraga.*



*Así, plantáronse máis de tres mil árbores (carballos e castiñeiros) que se repartiron por todas as aulas do colexio, facendo unha media aproximada de dez árbores por alumno/a.*



*Pouco a pouco foron medrando e desenrolándose.*




*Chegado o mes de marzo de 1998 decidimos facer a plantación (momento no que xa había máis de 2.000 árbores xermoladas) mais, aconsellados por enxeñeiros agrícolas de Endesa, acordamos -non sen certa frustración- deixar esta plantación para o curso seguinte porque consideramos que as árbores eran demasiado novas e corrían o risco de morrer.*

*Tocou entón o momento de cambialas das bandexas forestais nas que se sementaran a cartóns de tetra brick de maior amplitude, e pasalas do interior do colexio ó exterior para unha mellor aclimatación. Así esperaron uns meses máis.*



*Durante ese longo ano que houbo que esperar, deu tempo a que a Natureza seguise o seu camiño independentemente. Unha mostra é a que aparece nesta imaxe: secounos un carballo, mais a niñada de paxaros saíu adiante.*



*É normal que os paxaros viñeran aniñar nesta pequena caballeira.*



*Non obstante, a empresa Severiano Comercial de As Pontes (que colabora con nós xestionándonos visitas, asesorándonos ou con axuda material e man de obra) conseguiu máis de 200 carballos xa adultos que se plantaron nas terras que o Concello nos cedeu para este fin. Iso valeunos como incompleta compensación da que non puidemos realizar.*



*A primeiros de setembro de 1998, a zona repoboada comezaba a verse xermolada e vizosa, mais a desagradable sorpresa tivémola avanzada ese mesmo mes, cando nos comunicaron que pola zona había gando ceibe que se estaba encargando de estragar o noso traballo anterior.*

*Houbo, pois, que facer unha reestructuración dos investimentos previstos para o presente curso, facendo un esforzo grande na compra da verxa precisa para cerrar o terreo que xa estaba traballado (uns oito ferrados).*

*Así, contando coa man de obra gratuíta dos traballadores do Concello, fixemos un cerrado que na actualidade xa estamos ampliando, por quedarnos pequeno o anterior.*



*No presente curso 98-99, comezamos coa plantación daqueles carballos e castiñeiros criados polo alumnado.*

*A primeira actividade que tivemos que realizar foi a demarcación dos lugares nos que terían que plantar porteriormente.*



*Viñeron a continuación as diferentes plantacións que fomos facendo por agrupamentos de idade.*



*De todas elas, quizais a máis motivadora foi a que realizaron os grupos de tres, catro, cinco, seis e sete anos. A esta, como á de 3º e 4º de Primaria, acudiron tamén os familiares do alumnado, convertindo así o feito da plantación nunha preciosa xornada de convivencia, probablemente imborrable na memoria dos nosos picariños.*



## √ FESTA DA BICI

*Tamén celebraremos por primeira vez a Festa da Bici. Esta actividade terá lugar no mes de maio (xa que non se puido celebrar o 16 de abril como estaba previsto por mor da chuvia) e consistirá nunha marcha ciclista polo pobo de As Pontes na que participarán, convidados por nós, outros colexios da vila: o alumnado dun colexio irá recollendo ó dos outros para logo ir todos xuntos á Fraga, onde se realizarán outras actividades como unha plantación conxunta e simbólica de árbores e un sorteo de agasallos (camisetas, gorras, utensilios para ciclista e ata unha bicicleta de montaña).*



*Cabe sinalar que esta Festa da Bici xa é famosa na vila, antes da súa celebración. A razón desta fama hai que buscala na mala sorte que temos coa súa organización, xa que o ano pasado aprazouse tres veces ata quedar definitivamente supendida, e este ano (como non mude o tempo radicalmente) vai polo mesmo camiño.*

*Para esta actividade contaremos coa colaboración da Policía Local e Protección Civil. Tamén convidamos a participar na festa a todos os pais e nais do alumnado.*

## √ RECOLLIDA DE PAPEL PARA RECICLAR

*Esta é unha actividade moi frecuente entre os colexios galegos.*

*No noso caso consiste nunha recollida por aulas: cada aula ten a súa caixa.*

*Lamentablemente, o presente curso leváronnos o contedor co que contabamos, instalado polo Concello en todos os centros de ensino ponteses.*



*Nesta iniciativa do Concello é de supoñer que pesara algo o conflicto habido con este centro hai un par de cursos e que fora motivado pola suposta queima dos catrocentos quilos que se lle entregaran, froito de curso e medio de recollida. O alumnado deste colexio, como protesta pacífica, recollera entón máis de setecentos quilos nunha soa semana.*



*A partir daquelas datas a concienciación do alumnado por este tema foi tan profunda que aínda seguimos sendo un centro especialmente activo neste terreo. De feito o curso pasado (no que aínda contabamos os quilos) recolléranse neste colexio máis de cinco toneladas de papel, cantidade absolutamente insólita para un centro escolar.*

## √ OBRADOIROS DE RECICLADO

*Como complemento á actividade anterior, está en marcha a realización de obradoiros de reciclado de papel. Esta actividade pretendimos que fose realizada desde os seus alicerces polo alumnado. Por esa razón, comezamos por que eles/elas mesmos/as contruísen os bastidores.*



*Posteriormente, eses bastidores valéronlles para o reciclado.*





*Co papel reciclado fixéronse distintas exposicións.*





## √ *AULA DE MEDIO AMBIENTE*

*No segundo trimestre do curso 97-98 abriu as portas a Aula (física) de Medio Ambiente. Neste recinto intaláronse unha televisión, un magnetoscopio e un Reproductor de discos láser. Con estes elementos e outros como cintas de vídeo, libros e revistas de Natureza, conformouse unha biblioteca e videoteca excelente á que acode o alumnado para ler ou ver reportaxes de Natureza no horario dos recreos, ademais de ser frecuentemente utilizada no decorrer das clases.*



*Existe tamén un servicio de préstamo de vídeos ecolóxicos para que o alumnado poda levalos e visionalos na casa.*

*Nese mesmo recinto realízanse as exposicións relacionadas coa Natureza.*



*A aistencia foi masiva e foron necesarios cinco autobuses.*



*Nesta actividade non había límite de idade.*



*Finalmente, as árbores quedaron no monte. Cadaquén buscou como marcar as súas árbores. (As árbores tamén marcaron á xente).*



√ TABOLEIROS DE AMA

*Existe un taboleiro xeral instalado na entrada do colexio, no que se colocan as novas relacionadas co mundo da ecoloxía.*




*Pero máis importantes e activos son os taboleiros específicos desta materia con que contan as aulas de ESO. Neles, é o propio alumnado quen recorta e coloca aquelas novas relacionadas co mundo da Natureza que lles chamasen a atención. Teñen a particularidade de estaren divididos con símbolos para que sitúen as informacións segundo as cualifiquen como positivas, negativas ou neutras.*

*Sérvenos, ademais esta actividade, como unha mostra máis da reutilización de desfeitos, xa que os recortes realízanos nas actividades de Estudio con xornais que semana a semana recollemos en bares da localidade.*



## √ *PINTADO DE MURAIS*

*Esta é outra das actividades que se completa curso a curso. O proceso polo que se chega ó pintado destes murais comeza unhas veces nas propias aulas, como consecuencia da selección de traballos realizados con motivo dos Día de..., ou ben como selección dos mellores deseños elaborados para certos concursos.*




## √ *LIBRO DAS PEGADAS*

*Os máis pequenos tamén teñen o seu protagonismo nesta tarefa ecolóxica. Por iso é que unha das primeiras decisións tomadas foi a de dotar ós tres cursos de Educación Infantil de terrarios e tortugueiras ou acuarios coas que conseguir atraer a atención dos picariños pola Natureza.*



*Ademais, este alumnado editou o Libro das Pegadas. Para esta edición contaron coa colaboración desinteresada de fauna diversa (lesmas, miñocas, formigas...) que amablemente deixaron que se impregnasen os seus corpos ou patas con azafrán, para logo pasear polos folios e marcar as súas andainas.*
*O alumnado tamén puxo a súa parte debuxando aqueles animais que máis lle chamaron a atención.*

## √ PLANTACIÓNS

*Ademais da plantación xa mencionada ó principio, realízanse outras moitas. Salientaremos, por exemplo, as realizadas no centro escolar (árbores, hortensias, tulipáns...).*



*Ou as plantacións de milleiros de landras en terreos cedidos a este colexio por Endesa ou polo Concello.*



*Ou as plantacións "típicas" de conmemoración do Día Forestal Mundial, que, normalmente, son organizadas polo Concello.*



## √ VISITAS

*Dentro destas actividades son tamén importantes as excursións e visitas ás que pretendemos dar un aire ecolóxico.*



*Por iso, facemos saídas relacionadas co mundo da Natureza e que van quedando curso a curso establecidas.*



*Comezamos o primeiro curso con 1º de ESO que foran tres días de acampada á ría de Muros-Noia.*



O ano seguinte (o pasado), o alumnado novo de 1º de ESO foron a Muros-Noia, e os de 2º a Cantabria.



No presente curso 98-99, incrementamos estas excursións por arriba e por abaixo e así, o alumnado de Primaria irá nos catamaráns polo Sil e os de 3º de ESO irán ós Pirineos.

Deste xeito, as excursións convírtense nunha actividade máis de contacto directo coa Natureza, non só de divertimento.

Tamén realizamos visitas de carácter ecolóxico. Sirvan como exemplos a visita á Exposición de Insectos, á rexenerada escombreira de As Pontes, ás Fragas do Eume, á lagoa de Valdoviño ou á lagoa de Sobrado.



## √ CONCURSOS

*É xa tradicional celebrar concursos relacionados co medio ambiente. De momento, no presente curso realizamos dous: o primeiro deles con deseños contra a tala de árbores de Nadal e o segundo destinado a decorar os muros do noso patio escolar.*




*Para estes concursos construímos dous Buzóns-AMA (un por pavillón), que tamén serán utilizados no futuro para outras funcións (como buzón de suxerencias, por exemplo).*



√ BICICLETAS

*Dentro das nosas posibilidades fomentamos o uso de transportes ecolóxicos como a bicicleta. De feito, a utilización deste vehículo é tan frecuente entre o noso alumnado -cando o tempo acompaña- que nos vimos obrigados a solicitar a ampliación dos aparcamentos que se pediran e instalaran o curso anterior. Agora, que xa están instalados os novos, esperamos poder ter que solicitar máis.*



*Na mesma orde de cousas e como complemento do anterior, os nosos representantes no Consello Escolar Municipal solicitaron a creción dun carril-bici pola vila de As Pontes. Aquela petición, que fora aprobada no seu día, está concretada na actualidade coa construcción do devandito carril, que xa está en pleno funcionamento.*



## √ VISITA DO CONSELLEIRO

*Independentemente das ideoloxías políticas, foi un honor para o noso centro escolar recibir a visita do máximo representante do noso Goberno no tocante a temas medioambientais.*




*Na súa visita, estivo acompañado do recentemente nomeado Director Xeral de La Voz de Galicia e doutras personalidades da Fundación Fernández Latorre, do Programa Voz Natura, así como do Alcalde de As Pontes.*



*Para ese día preparouse unha exposición con algúns dos traballos máis salientables deste curso.*



*Ademais desta exposición, o Conselleiro pasou visita á plantación que fixemos no monte, así como ó Museo Etnográfico deste centro escolar que conta con máis de 1200 pezas.*



## √ COLABORACIÓN COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

*Frecuentemente colaboramos cos medios de comunicación da zona, especialmente locais, redactando e aportando novas de interese ecolóxico que afectan á nosa vila.*

*O pasado mes de abril, ademais, recibimos a visita da Radio Galega, que entrevistou a parte do noso alumnado para o programa a nivel galego Plis Plas, facendo que nas Pontes xa haxa tamén Detectives Verdes.*



## √ LIMPEZAS

*De cando en vez, realizamos limpezas no patio escolar ou en lugares de interese paisaxístico e ecolóxico.*



## √ CAMPAÑAS

*Ademais dalgunha campaña puntual como a da recollida de latas, realízanse sistematicamente diversas campañas puntuais de concienciación: árbores de Nadal, acivro, ...*







A AMA do CEIP-IES Monte Caxado deséxavos unhas boas vacacións de Nadal.

Como Aula de Natureza que somos querémosvos lembrar que estas son unhas vacacións tradicionalmente marcadas polo despilfarro e as agresións á Natureza.

Estas agresións, que semellan inocentes, son moi graves porque hai que ter en conta a cantidade de familias que utilizan como adornos navideños diferentes elementos cos que nos brinda a Natureza. Estamos a falar, naturalmente, da poda de árbores de Nadal, de acivro, ou mesmo do moio empregado en moitos beléns.

Sabemos mellor ca ninguén que non hai nada como o natural, mais, para estas festas emprega árbores artificiais, ou, en último caso, árbores criadas en viveiros. (De ser esta última a túa opción, lembra que a árbore está viva. Régaa durante as festas e plántaa cando estas rematen).

E para Reis, procura non pedir xoguetes bélicos nin de pilas. Pero se aínda así gastas moitas pilas nos teus regalos, lembra que no teu colexio recóllenas para a súa posterior reciclaxe. Gárdaas para traer á escola despois das vacacións. Nin se che ocorra tiralas ó lixo.

Naturalmente.

## √ XORNAL ESCOLAR

*Desde hai catro cursos participamos cunha sección fixa no xornal escolar.*





A Aula de Medio Ambiente do CEIP-IES "Monte Caxado" quere mandarvos un cordial saúdo neste número do xornal no que novamente nos convidan a participar.

Comezaremos por felicitarnos da nosa participación no programa Voz Natura de *La voz de Galicia*, que supuxo uns ingresos de 350.000 pesetas para compra de material para o colexio, así como un aliciente máis para a realización de actividades relacionadas co medio ambiente.

Precisamente desas actividades queremos informarvos a continuación.





Novamente estamos nestas páxinas do xornal escolar para contarvos as novas que se produciron desde o número anterior.

✓ Loxicamente non podemos comezar por outra cousa que non sexa o lío organizado por mor do noso papel.

A estas alturas xa todas e todos debedes estar informados de que o papel que entregamos ó Concello para levar a reciclar foi queimado en Marraxón.

precisamente, a que máis nos importaba: a vosa.

Nas aulas puidemos notar a vosa carraxe e indignación, e así, como acto de desagravio pacífico, reaccionastes unanimemente, conseguindo xuntar en pouco máis dunha semana, o dobre de papel que o que se recollera ...



Estamos novamente nestas páxinas para contarvos os últimos acontecementos relacionados coa Aula de Medio Ambiente.

En primeiro lugar témonos que referir á *Festa da Bici* que se vai celebrar proximamente. Como sabedes, estaba prevista para o venres 17 de abril, mais a meteoroloxía fíxonos desistir desa data e agora será tan axiña como se poida.

Participarán nesa festa outros catro colexios ponteses convidados por nós: A Magdalena, A Fraga, Sta. María e Pardo Bazán. Preténdese facer unha marcha ciclista polo pobo, como un xeito máis de concienciar á poboación na necesidade de promocionar os vehículos máis ecolóxicos que temos na actualidade.





Xa estamos aquí de novo, en vésperas de remata-lo curso, para falarvos do MEDIO AMBIENTE.

No derradeiro exemplar deste ano imosvos falar das actividades realizadas nos últimos meses. Comezaremos por

## √ OUTRAS ACTIVIDADES

*Realízanse outras actividades que ocupan a cursos de diferentes niveis.*

*Poñamos, como exemplos, o decorado das papeleiras, a contrucción de caixas-niño para paxaros que fan os de 2º de ESO, os herbarios que fan os de 1º de ESO, a recollida de plumas que fai o alumnado de 5º, ou numerosos traballos relacionados con esta materia.*



*Ademais, a nosa mascota (Amiña) xa forma parte do patrimonio do alumnado e invita á rapazada a cousas tan dispares como manter limpo o patio ou a lanzarse á aventura de ler.*



Como consecuencia destes anos de labor, hai unha asignatura en 3º de ESO adicada a temas medioambientais.

Nela realízanse diferentes traballos encamiñados ó mesmo obxectivo que enunciamos no comezo desta Memoria. Nestas actividades séguese o mesmo principio de reducir, reutilizar e reciclar, facendo con material de refugallo anemómetros, termómetros, pequenas depuradoras, ...






## √ CONCIENCIACIÓN

A consecuencia máis importante da interacción de todas estas actividades é que xorde no ambiente escolar unha concienciación incesante cara ós temas medioambientais. Esta concienciación traspasa os lindes do alumnado, o que se reflexa en feitos como son a colaboración das familias neste terreo demostrada, por exemplo, na recollida de papel para reciclar ou na xenerosa e desinteresada entrega de material para a AMA como árbores ou mesmo coleccións completas de ducias de vídeos.

Tamén temos que mencionar e agradecer a colaboración de empresas como Severiano Comercial (As Pontes), Bicicletas Roca (Ferrol), Endesa (As Pontes) e, ultimamente, o Concello. E, como non, á Voz de Galicia, que, á parte do que nos toca, está facendo un labor impresionante neste terreo.

As Pontes, 30 de abril de 1999

